



CIRCULAR 71/2007

- A todas as Delegacións (*)

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

IMPRESO DE SOLICITUDE E NORMATIVA PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS GALEGOS NA TEMPADA 2007/2008

Todas aquelas institucións ou entidades (incluídos os clubs legalmente censados) que desexen presentar a súa candidatura para organizar calquera dos Campionatos Galegos correspondentes a tempada 2007/08, deberán enviar correctamente cumplimentado o presente impreso (un por competición) comprometéndose a cumprir co sinalado nesta circular.

O prazo de recepción das peticións para a tempada 2007/08 finaliza o **2 de Novembro do 2007**.

NORMATIVA

A) ORGANIZACIÓN

Art. 1.- Para poder optar a organización dun Campionato Galego o organizador deberá dispor dos permisos necesarios para a utilización das instalacións e material adecuado de acordo as exigencias da competición que solicite. Tamén deberá cursar as solicitudes a outros organismos se fose preciso (probas de ruta, circuito urban, etc.).

Art. 2.- Serán por conta do solicitante os gastos relativos á **organización** da proba (ver capítulo *Gastos*), tendo a disposición todo o material necesario para celebrar con normalidade a competición, e no caso de precisarse algún material, deberá solicitálo directamente á FGA correndo cos gastos que se ocasionen.

Art. 3.- É competencia da FGA fixar e supervisar o protocolo da competición, aunque o desenvolvemento do mesmo o efectue o Comité Organizador do Campionato. O organizador debe cumprir todo o sinalado no Anexo I "Protocolo da competición" e remitir por fax unha semana antes da competición a súa aceptación.

Art. 4.- O nome e o escudo da **FGA**, o logotipo do **Deporte Galego** e o logo dos **patrocinadores da FGA**, deberán figurar con carácter destacado en todos os *carteis, programas, folletos, saúdas*, etc. que se confeccionen con motivo da competición. **A FGA supervisará a CARTELERÍA e obxectos que se impriman en relación ao Campionato ou Competición**, non podendo imprimirse nada sen a súa autorización.

Art. 5.- A FGA a través do seu Comité Galego de Xuices será o responsable da designación do Xurado que controlará a competición.

Art. 6.- Nas probas en pista, será obrigatorio a utilización e pago da **cronometraxe eléctrica**. Asemade no Campionato Galego de Cross Absoluto e no Galego de Media Maratón será obrigatorio o uso de **chips**.

Art. 7.- O organizador debe facilitar unha copia en soporte informático dos resultados da competición ao finalizar a mesma, a cal a distribuirá entre os seus estamentos e publicarana na páxina web.

B) PUBLICIDADE

Art. 8.- Os dereitos de publicidade corresponden en exclusividade a FGA. En todosos Campionatos Galegos colocaranse pancartas dos patrocinadores da FGA nos sitios sinalados pola mesma. Os dorsais deberán ser encargados con tempo suficiente á FGA nos cuais figurará o logotipo do patrocinador da FGA. O organizador poderá chegar a un acordo con outros patrocinadores, que deberán ser comunicados con antelación á FGA para o seu consentimento.

C) ADXUDICACIÓNS

Art. 9.- A FGA eleixirá, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes aquelas solicitudes que estén correctamente cumplimentadas e designará no caso de que existise mais dunha solicitude para a organización dun campionato aquel que presente unha mellor **oferta complementaria** e un mellor **informe técnico** de desenvolvemento da competición.



- Art. 10.- Son condicións imprescindibles para poder optar a unha organización dun Campionato Galego dispor de:
- Nº. suficiente de **xuices** (Este número será fixado polo Comité Galego de Xuices).
 - Nº. suficiente de **persoal de campo**: Os cuais asumirán tarefas de recollida de material, movemento de materiais con rapidez suficiente de acordo ao horario establecido, etc.
 - Nº. suficiente de **persoal de secretaria e megafonía**. Sendo preciso dispor dun ordenador, fotocopiadora, boa megafonía, impresora, etc. A megafonía deberá ser feita en galego.
 - Nº. suficiente de **persoal voluntario**: Con tarefas de colocación de marcadores, cestas de roupa dos atletas, avituallamento, etc.
 - Nº. suficiente de **persoal sanitario e servizo de ambulancia**: A organización deberá dispor obrigatoriamente da presenza dun médico colegiado e dunha ambulancia a lo menos media hora antes do inicio da competición ata finalizar a última proba. **Non se autorizará a celebración da proba senón está presente o médico e a ambulancia no lugar da competición.** Tamén e recomendable por a disposición dos atletas un servizo de masaxe ou fisioterapia.
 - Valorarás tamén que a organización concertase prezos para a manutención dos atletas dos clubs participantes e aloxamento, se é o caso.

D) GASTOS DO ORGANIZADOR

Art. 11.- O organizador unha vez que se lle adxudique a organización do evento que solicita deberá asinar por escrito un **contrato** no cal se comprometa a asumir os gastos relativos ao **canon** e os **gastos propios** derivados da **organización do evento**. No caso de renunciar a celebración da competición, deberá aboar os gastos que se producen ate a data, mais unha indemnización.

Art. 12.- Os canon establecidos para a presente tempada 2007/08 son os seguintes:

- Cpto. Galego Absoluto e relevos de clubs pista aire libre	1.000 €
- Cpto. Galego de Cross largo absoluto e promesa	1.000 €
- Cpto. Galego de Clubs pista aire libre	500 €
- Cpto. Galego de Media Maratón	500 €
- Outros Campionatos Galegos non contemplados	300 €

Estas cantidades deberán garantirse mediante aval bancario á firma do contrato ou pagaré co 50% á firma do contrato e o outro 50% tres meses antes da data de celebración do Campionato. En todos os casos estas cantidades deben ser aboadas antes do inicio da competición.

Art. 13.- O organizador asumirá o pago dos gastos derivados da actuación dos seguintes colectivos:

- **Xuices.**
- **Persoal de secretaria e megafonía.**
- **Persoal de campo.**
- **Voluntarios.**
- **Servizos médicos**
- Así como os gastos que ocasione o delegado federativo o mesmo día da celebración da competición.
- Tamén asumirá os gastos derivados da **cronometraxe eléctrica e xestión de chips** (se é o caso).

Art. 14.- O organizador asumirá o pago dos **gastos da homologación dos circuitos** de marcha, ½ maratón e Maratón, no caso de que fose preciso.

Art. 15.- O organizador proporcionará mediante xestión ou aluguer o seu cargo, vestiario con duchas, a ser posible con auga quente, en toda-las competicións, ademais de material de competición do que non dispoña.

Art. 16.- O organizador asumirá os gastos da adquisición de trofeos (só nas competicións por clubs). As medallas serán proporcionadas pola FGA. O organizador tamén asumirá os gastos derivados da adquisición dos **dorsais** que a FGA lle proporcione. Asemade os imperdibles deberán ser proporcionados polo organizador.

Art. 17.- O organizador asumirá os gastos derivados do **diseño e impresión da cartelería** do evento: carteis e trípticos ou dípticos.

Art. 18.- A FGA asumirá os gastos do desprazamento dos membros da Xunta Directiva que designe para facer o seguimento e avaliación da competición e os gastos das pancartas dos patrocinadores. Tamén asumirá os gastos das medallas oficiais do Campionato.



FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO
Avda. De Glasgow 13.-Complejo Deportivo Elviña
Teléfono 981 29 16 83-Fax 981 29 20 56
15008 - A CORUÑA
Correo electrónico : fgatletismo@telefonica.net
Web: www.atletismogalego.org

MODELO DE SOLICITUDE DE CAMPIONATO GALEGO

O Club/Concello/institución _____ solicita á FGA lle sexa concedida a organización do seguinte Campionato Galego na tempada 2007/08:

- Cpto .Galego Absoluto e relevos de clubes
- Cpto .Galego de Cross largo absoluto e promesa
- Cpto .Galego de Clubes
- Cpto .Galego de Media Maratón
- Outros Campionatos Galegos non contemplados *Especificar nome:* _____

Campionato Galego de _____

Na modalidade de: Pista Aire libre Pista Cuberta Campo a través Ruta. Montaña.

Comprometéndose a aboar o canon correspondente a firma do contrato, e aportando a seguinte oferta complementaria (esta oferta terás en conta á hora de avaliar as solicitudes):

A cantidade de _____ €

SOLICITANTE

INSTITUCIÓN ORGANIZADORA: _____

DOMICILIO: _____ C.P. _____ LOCALIDADE: _____

PROVINCIA: _____ TLF. FIXO: _____ TLF. MÓVIL _____

FAX: _____ EMAIL: _____ WEB: <http://www.> _____

Nº de veces que organizou esta proba anteriormente: _____ CIF: _____

CONTACTO (A efectos de notificación)

PERSOA DE CONTACTO: _____ DOMICILIO: _____

C.P. _____ LOCALIDADE: _____ PROVINCIA: _____

TLF.: _____ / _____ FAX: _____ EMAIL: _____

(NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA SOLICITUDE QUE NON VEÑA CO VISTO BO DA DELEGACIÓN CORRESPONDENTE)

Sinatura do organizador;

Vº B. Da Delegación FGA;

RESOLUCIÓN FGA

- Aprobada**
- Rexeitada**

O organizador

O Delegado FGA

D. Victor Arufe Giráldez

Secretario Xeral FGA

En _____ a _____ de _____ de 200



ANEXO I

PROTOCOLO DOS CAMPIONATOS GALEGOS

Co fin de dignificar e velar pola imaxe do noso atletismo nos distintos Campionatos Galegos enuncíase unha serie de aspectos que o organizador como responsable do evento deberá coidar e velar polo seu cumprimento.

- Obrigatoriedade da presenza dun **médico** no lugar da competición e unha **ambulancia**. A organización deberá dispor dun médico e unha ambulancia media hora antes do inicio da primeira proba e ata o final da xornada.
- Establecer un **marcador** en cada unha das probas de saltos e lanzamentos, co seu correspondente persoal auxiliar.
- Marcar nos **sectores de caída** mediante bandeiras galegas u outro medio o punto no cal atópase o actual record galego para cada unha das categorías que se disputen, tanto en saltos como en lanzamentos.
- Contar cun bo equipo de **megafonía xunto a un locutor galego parlante** que irá comentando en todo momento o desenvolvemento da competición: atletas que saen á pista, horario das probas, empresas organizadoras e colaboradoras, resultados, records e historial deportivo da proba, clubs participantes, entrevistas a gañadores, etc.
- Colocar unha carpa ou caseta con **bebidas** para os atletas que xa competiron.
- Colocar e adornar o **podium** con centros de flores ou plantas, así como establecer un correcto protocolo de entrega de medallas e todo o persoal de cerimonia (nenas/os con bandexas, fotografía dos premiados, nomeamento das autoridades que fan entrega das medallas, etc.), música cerimonial, etc.
- Dispor dun equipo de **walkies** para estar en contacto entre sí os organizadores da proba.
- Alzar a **bandeira galega e española** ben a través dun mastil ou na zona de premiacións.
- Facilitar a cada atleta participante un **cesto** donde co fin de gardar a roupa mentres participa na súa proba.
- Facer **folletos cos datos mais relevantes do evento: horario, breve normativa, patrocinadores e organizadores, etc.** e distribuílos a tódolos asistentes ao evento.
- Enviar **nota de prensa** (antes e despois do evento) aos medios de comunicación da zona, convidándoos a cubrir o campionato.
- Facer entrega de **acreditacións** as persoas que poidan acceder á pista: xuíces, membros FGA, medios comunicación, etc., evitando así a ocupación da mesma por outras persoas alleas as funcións do persoal de campo do campionato.
- Contar cun número suficiente de **persoal de campo** para o montaxe de sectores, vallas, colchonetas, etc.
- Todo o demais que se considere oportuno.



FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO
Avda. De Glasgow 13.-Complejo Deportivo Elviña
Teléfono 981 29 16 83-Fax 981 29 20 56
15008 - A CORUÑA
Correo electrónico : fgatletismo@telefonica.net
Web: www.atletismogalego.org

Lembramos que durante a celebración da competición un comité de avaliación valorará a calidade organizativa e xestora da mesma, emitindo un informe final que terá repercusión favorable ou non na distribución económica á delegación correspondente.

A REMITIR POR FAX (Nº 981-292056) Á FEDERACIÓN UNHA SEMANA ANTES DA DATA DE CELEBRACIÓN DO CAMPIONATO GALEGO

D./D^a. _____ con DNI N^o: _____

Actuando como responsable da organización do Campionato Galego _____ a celebrar en _____ o día _____, comprométo-me persoalmente a cumprir todos os puntos reflexados no ANEXO I sobre a dignificación e organización de campionatos galegos.

Contando cos recursos humanos, económicos, técnicos e materiais suficientes para o seu cumprimento. No caso de non poder cumprir algún dos puntos tratados o comunicarei á Federación Galega de Atletismo a lo menos con 5 días de antelación á celebración do campionato.

En _____ a _____ de _____ do _____

Asdo. O responsable da Organización do Evento:

D. _____